



**PROXECTO**

**EDUCATIVO**



## ÍNDICE

	Páxina
<b>0. LIMIAR</b>	4
<b>1. IDEARIO.</b>	7
<b>2. DISPOSICIÓN OFICIAIS</b>	9
<b>3. ANÁLISE DO CONTEXTO</b>	24
3.1. O Centro	24
3.2. Situación socioeconómica e cultural da área de influencia do centro.	24
<b>4. SINAIS DE IDENTIDADE</b>	27
4.1. Confesionalidade.	27
4.2. Relación co entorno.	27
4.3. Coeducación.	27
4.4. Pluralismo e valores democráticos.	28
4.5. Atención á diversidade.	28
4.6. Defensa do medio ambiente.	29
4.7. Lingua de aprendizaxe.	29
4.8. Dimensións educables.	30
4.9. Modalidade de xestión.	30
<b>5. ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.</b>	31
5.1. Tipoloxía do centro.	31
5.2. As dependencias.	32
5.3. Organigrama.	33
5.4. Horario.	35
5.5. Transporte escolar.	35
5.6. Comedor escolar.	35
5.7. Actividades extraescolares.	35
5.8. Outros servizos.	36
<b>6. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE.</b>	37
6.1. Consello Escolar.	37
6.1.1. Composición.	37
6.1.2. Competencias.	35
6.2. Claustro de profesores.	38
6.2.1. Composición.	38
6.2.2. Competencias.	38
6.3. Órganos de coordinación docente.	39
6.3.1. Equipos de ciclo.	39
6.3.1.1. Competencias.	39
6.3.1.2. Coordinador do equipo de ciclo.	40
6.3.1.3. Competencias do coordinador de ciclo.	40
6.3.1.4. Programación didáctica dos equipos de ciclo.	40
6.3.2. Comisión de coordinación pedagóxica.	41



6.3.2.1. Competencias.	41
6.3.3. Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística	42
6.3.3.1. Competencias.	42
6.3.3.2. Competencias do coordinador.	42
6.3.4. Departamento de Orientación.	43
6.3.4.1. Ámbitos de actuación.	43
6.3.4.2. Liñas prioritarias de actuación.	43
6.3.5. Equipo de actividades complementarias e extraescolares.	44
6.3.5.1. Funcións do coordinador.	44
<b>7. DIRECCIÓN DO CENTRO.</b>	<b>46</b>
7.1. O Equipo directivo.	46
7.2. Competencias do director	46
7.3. Competencias do xefe de estudos	47
7.4. Competencias do secretario.	48
<b>8. PROFESORADO.</b>	<b>49</b>
8.1. Funcións do profesorado.	49
8.2. Profesorado de Educación Infantil.	49
8.3. Profesorado de Educación Primaria.	50
<b>9. AS ENSIANZAS.</b>	<b>51</b>
9.1. Educación infantil.	51
9.2. Educación primaria.	52
<b>10. CURRÍCULO.</b>	<b>56</b>
<b>11. OBXECTIVOS.</b>	<b>57</b>
11.1. Obxectivos de ámbito pedagógico.	58
11.1.1. Alumnos/as.	58
11.1.2. Pais/nais/titores legais.	58
11.1.3. Profesorado.	58
11.2. Obxectivos de ámbito institucional.	59
11.3. Obxectivos de ámbito administrativo.	59
11.4. Obxectivos de ámbito humano e de servizos.	59
<b>12. LIÑA METODOLÓXICA.</b>	<b>61</b>
<b>13. ACTIVIDADES E SERVIZOS.</b>	<b>63</b>
<b>14. INSTITUTO DE SECUNDARIA AO QUE ESTÁ ADSCRITO O CENTRO.</b>	<b>64</b>
<b>15. PERSOAL NON DOCENTE</b>	<b>65</b>
<b>16. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.</b>	<b>66</b>



## LIMIAR.

A educación atópase hoxe no centro dos desafíos e das oportunidades das sociedades do século XXI. Grazas aos esforzos dos cidadáns e ao continuo impulso dos gobernos, o acceso á educación universalizouse, converténdose nun dereito fundamental e efectivo de todos os individuos.

A vertixinosa rapidez dos cambios culturais, tecnolóxicos e productivos sitúanos ante un horizonte de frecuentes readaptacións, actualizacións e novas cualificacións.

A educación é o medio máis axeitado para construír a personalidade, desenvolver ao máximo as capacidades, conformar a propia identidade persoal e configurar a comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica.

A educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar a cultura e todos os coñecementos e valores que a sustentan, de extraer as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, de fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, de promover a solidariedade e evitar a discriminación.

A educación é o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, responsable, libre e crítica, que resulta indispensable para a constitución de sociedades avanzadas, dinámicas e xustas.

A concepción da educación como un instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva foi sempre unha constante, aínda que non sempre esa aspiración se convertera en realidade.

A educación debe concebirse como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.

O obxectivo fundamental da educación é o de proporcionar aos nenos e ás nenas, unha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma. Tal formación plena irá dirixida ao desenvolvemento da súa capacidade para exercer, de



xeito crítico e nunha sociedade axioloxicamente plural, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade.

Asegurar a calidade da ensinanza é un dos retos fundamentais da educación do futuro. Por iso, lograla é un obxectivo de primeira orde para todo o proceso de reforma e pedra de toque da capacidade desta para levar á práctica transformacións substanciais, decisivas, da realidade educativa. A consecución de dita calidade resulta, en boa medida, de múltiples elementos sociais e compromete á vez aos distintos protagonistas directos da educación.

A plena integración de España no contexto europeo comporta unha maior apertura e esixe, polo tanto, que os alumnos teñan que adquirir destrezas que, como a capacidade de comunicarse - noutras linguas-, a de traballar en equipo, a de identificar e resolver problemas, ou a de aproveitar as novas tecnoloxías resultan hoxe imprescindibles.

Nunha sociedade que tende á universalización, unha actitude aberta, a capacidade para tomar iniciativas e a creatividade, son valores fundamentais para o desenvolvemento profesional e persoal dos individuos e para o progreso e crecemento da sociedade no seu conxunto.

Un dos principios fundamentais que preside a Lei é proporcionar unha educación de calidade a todos os alumnos de ambos sexos, adaptada ás súas necesidades, para que acade o máximo desenvolvemento posible de todas as súas capacidades, aplicando, ao mesmo tempo, o principio de atención á diversidade e garantindo unha igualdade efectiva de oportunidades.

A formación dos alumnos debe concebirse como un proceso permanente, que se desenvolve durante toda a vida.

Fomentar a aprendizaxe ao longo de toda a vida implica, ante todo, proporcionar aos xoves unha educación completa, que abrangue os coñecementos e as competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual, que lles permita desenvolver os valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, que estimule neles o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por sí mesmos.

A Educación Infantil e a Educación Primaria configúranse como un período decisivo na formación da persoa, xa que é nestas etapas cando se asentán os fundamentos, non só para unha sólida



aprendizaxe das habilidades básicas en lingua, cálculo e lingua estranxeira, senón que tamén se adquiren, para o resto da vida, hábitos de traballo, lectura, convivencia ordenada e respecto cara ós demais.



## 1. IDEARIO.

Os principios básicos que definen o ideario do COLEXIO Monte dos Postes, como centro público de Educación Infantil e Primaria, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, son os mesmos que inspiraron a Constitución Española e o estatuto de Autonomía de Galicia.

A educación debe ser entendida como o emprego de todos os medios e modalidades da formación da personalidade, postos a disposición de todos os nenos e nenas sen distinción ningunha. Trátase, pois, da educación da totalidade dunha poboación que considerando as posibilidades e necesidades, propónse prestarlles todo o apoio preciso para lograr o maior perfeccionamento da súa personalidade.

A finalidade é educar e formar persoas, nos ámbitos humano, científico e tecnolóxico, atendendo á diversidade, dando respostas ás esixencias da sociedade, fomentando o uso e aprendizaxe das novas tecnoloxías para garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas.

Tres son os obxectivos básicos que propoñemos:

- 1º. Ser un centro enriquecedor mediante a creación dun ambiente agradable no que se poidan cultivar e desenvolver plenamente as relacións interpersoais.
- 2º. Converterse nun centro de aprendizaxe intelectual, onde se adquiren e dominan os instrumentos e métodos necesarios para un bo e adecuado desenvolvemento intelectual.
- 3º. Ser un centro que se adapte plenamente ás características do alumnado na adquisición dos coñecementos básicos de cada materia.

Este centro atenderá á educación harmónica e integral nun ambiente de liberdade e respecto, facendo fincapé na creatividade e na capacidade de iniciativa do profesorado e alumnado.

Profundizará máis na formación que na información, dentro dun espírito crítico e participativo, de xeito que a confianza e o respecto mútuos permitan establecer diálogo constante con todos os membros da comunidade educativa.



Prestará moita atención á particularidade cultural galega, loitando pola defensa da lingua e a adquisición de plenas competencias na mesma e o seu uso cotián.

Trataremos de practicar un estilo de ensino personalizado, con métodos activos, atendendo á diversidade e ás necesidades educativas especiais, levada a cabo por profesorado que traballe en equipo e que teña presente os principios da interdisciplinabilidade e as aprendizaxes significativas e constructivas.

O ensino será eminentemente práctico, motivador e próximo á realidade da vida dos alumnos e alumnas. Estará aberto a todas as persoas sen exclusións de calquera tipo xa sexan ideolóxicas ou relixiosas. Aberto tamén ao noso contorno social real para tratar de acadar unha sociedade máis xusta.

Aproveitará todas as oportunidades que a comunidade local, provincial, autonómica e nacional lle ofrezca para interactuar. No horizonte do centro estará sempre presente a pertenza á Comunidade Galega integrada en España e en Europa.

Este Centro de Educación Infantil e Primaria quere ser unha comunidade educativa coa participación activa de:

- a) Pais/Nais. Principais responsables da educación dos seus fillos/as.
- b) Mestres/as. Promotores do desenvolvemento integral intelectual e moral dos alumnos/as.
- c) Nenos e nenas. Protagonistas da súa propia formación.
- d) Persoal non docente. Colaboradores na orde e boa marcha do centro.





## 2. DISPOSICIÓNS LEGAIS.

É necesario coñecer a lexislación en materia educativa posto que esta apunta ás directrices e, en moitos casos, aos preceptos de obrigado cumprimento, por iso, antes de deseñar calquera estratexia de acción cómpre facer unha análise da lexislación xa que esta afecta á autonomía e singularidade de cada centro.

**Lei de Instrucción Pública do 9 de setembro de 1857. (Lei Moiano).** (Gaceta de Madrid do 10 de setembro de 1857). Máxima disposición xurídica que, con carácter global, existiu en España ata a Lei Xeral de Educación de 1970.

**Lei de Educación Primaria, do 17 de xullo de 1945.** (BOE nº 199 do 18 de xullo de 1945).

**Lei 169/1965, do 21 de decembro,** sobre reforma da Ensinanza Primaria. (BOE Nº 306 do 23 de decembro de 1965). (Modifica a Lei do 17 de xullo de 1945).

**Decreto 193/1967, do 2 de febreiro,** polo que se aproba o texto refundido da Lei de Ensinanza Primaria. (BOE nº 37 do 13 de febreiro de 1967).

**Orde do 10 de febreiro de 1967,** pola que se aproba o Regulamento de Centros Estatais de Ensinanza Primaria. (BOE nº 43 do 20 de febreiro de 1967).

**Lei 14/1970, do 4 de agosto,** Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa. (BOE nº 187 do 6 de agosto de 1970). Derrogada, parcialmente primeiro pola LODE, e case na súa totalidade pola LOXSE, excepto os artigos 10, 11.3, 137, 144 e disposicións adicionais 4ª e 5ª.

**Constitución Española, do 27 de decembro de 1978.** (BOE nº 311 do 29 de decembro de 1978).

**Lei Orgánica 5/80, do 19 de xuño,** do Estatuto de Centros Escolares. **LOECE.** (BOE nº 154 do 27 de xuño de 1980). Derrogada na súa totalidade pola LODE.

**Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril,** pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia. (BOE nº 101 do 28 de abril de 1981).

**Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo,** sobre traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación. (BOE nº 182 do 31 de xullo de 1982). (DOG nº 14 do 18 de agosto de 1982).

**Corrección de erros. Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo,** sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación. (DOG nº 49 do 20 de maio de 1983).

**Relacións adxuntas ao anexo ao Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo,** sobre traspaso de



funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, segundo acordo da Comisión Mixta de Transferencias de Galicia do 19 de xullo de 1982. (DOG do 28 de decembro de 1982).

**Decreto 114/1982, do 1 de setembro**, sobre asuncións de transferencias en materia educativa. (DOG nº 20 do 15 de outubro de 1982).

**Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística. (DOG nº 84 do 14 de xullo de 1983).

**Decreto 135/1983, do 8 de setembro**, polo que se desenvolve para o ensino, a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística. (DOG nº 129 do 17 de setembro de 1983).

**Corrección de erros. Decreto 135/1983, do 8 de setembro**. Polo que se desenvolve para o ensino, a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística (DOG nº 133 do 23 de setembro de 1983).

**Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo**, reguladora do Dereito á Educación. **(LODE)**. (BOE nº 159 do 4 de xullo de 1985).

**Corrección de erros. Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo**, (BOE nº 251 do 19 de outubro de 1985). Modificada pola LOXSE: adicionais 5ª e 6ª.

**Decreto 77/1986, do 20 de marzo**, polo que se regulan os criterios de admisión de alumnos en centros docentes non universitarios, sostidos con fondos públicos. (DOG nº 63 do 1 de abril de 1986).

**Orde do 1 de abril de 1986**, pola que se regula o proceso de admisión de alumnos nos centros docentes de preescolar e educación xeral básica sostidos con fondos públicos. (DOG nº 69 do 9 de abril de 1986).

**Lei 3/1986, do 18 de decembro**, de Consellos Escolares de Galicia. (DOG nº 251 do 26 de decembro de 1986).

**Orde do 16 de xaneiro de 1987**, pola que se regulan as asociacións de pais de alumnos. (DOG nº 14 do 22 de xaneiro de 1987).

**Orde do 1 de setembro de 1987**, pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios docentes que imparten Ensinanzas Básicas, Medias, Artísticas e de Idiomas. (DOG nº 175 do 11 de setembro de 1987).

**Orde do 12 de xaneiro de 1988**, pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios. (DOG nº 13 do 21 de xaneiro de 1988).

**Orde do 1 de marzo de 1988** pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro,



sobre aplicación da Lei 3/1993, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. (DOG nº 52 do 16 de marzo de 1988).

**Decreto 92/1988, do 28 de abril**, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG nº 81 do 29 de abril de 1988).

**Circular número 7/1988**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aclaran posibles dúbidas en relación co Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensinanzas non universitarias.

**Lei 4/1988, do 26 de maio**, da Función Pública de Galicia. (DOG nº 104 do 1 de xuño de 1988).  
Modificada pola Lei 4/1991, do 8 de marzo (DOG nº 51 do 13 de marzo de 1991), pola Lei 8/1992, do 24 de xullo (DOG nº 152 do 6 de agosto de 1992) e pola Lei 3/1995, do 10 de abril (DOG nº 76 do 20 de abril de 1995).

**Resolución do 5 de xullo de 1988**, da Dirección Xeral de Política Lingüística, sobre o cumprimento das disposicións relativas á normalización lingüística na Administración Educativa e nas ensinanzas nos centros educativos dos distintos niveis de ensinanza non universitaria de Galicia. (DOG nº 144 do 29 de xullo de 1988).

**Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro**, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. (BOE nº 238 do 4 de outubro de 1990).

**Lei 4/1991, do 8 de marzo**, de reforma da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia. (DOG nº 51 do 13 de marzo de 1991).

**Decreto 92/1991, do 20 de marzo**, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da administración da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 58 do 25 de marzo de 1991).

**Decreto 94/1991, do 20 de marzo**, polo que se aproba o regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 58 do 25 de marzo de 1991).

**Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño**, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova Ordenación do Sistema Educativo. (BOE nº 151 do 25 de xuño de 1991). Modificado e completado polo Real Decreto 1487/1994, do 1 de xullo. (BOE nº 179 do 28 de xullo de 1994).

**Real Decreto 1004/1991, do 14 de xuño**, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitarias. (BOE nº 152 do 26 de xuño de 1991).



**Corrección de erros. Real Decreto 1004/1991 do 14 de xuño.** (BOE nº 171 do 18 de xullo de 1991). Modificado polo Real Decreto 1487/1994, do 1 de xullo, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo (BOE nº 179 do 28 de xullo de 1994).

**Real Decreto 1006/1991, do 14 de xuño,** polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Primaria. (BOE nº 152 do 26 de xuño de 1991).

**Corrección de erros. Decreto 1006/1991, do 14 de xuño.** (BOE nº 183 do 1 de agosto de 1991).

**Orde do 15 de xullo de 1991** pola que se regula a organización e o funcionamento dos centros de educación infantil, educación xeral básica, educación especial e educación permanente de adultos, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 162 do 26 de agosto de 1991).

**Real Decreto 1330/1991, do 6 de setembro,** polo que se establecen os aspectos básicos do currículo da Educación Infantil. (BOE nº 215 do 7 de setembro de 1991).

**Decreto 426/1991, do 12 de decembro,** polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 8 do 14 de xaneiro de 1992).

**Corrección de erros. Decreto 426/1991, do 12 de decembro,** polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 35 do 20 de febreiro de 1992). Modificado e completado polo Decreto 235/1995, do 20 de xullo. (DOG nº 153 do 10 de agosto de 1995).

**Orde do 20 de marzo de 1992** pola que se amplía o ámbito de aplicación do Plan de integración de alumnos con minusvalideces en centros ordinarios para o curso 1992 / 93 na Comunidade Autónoma. (DOG nº 64 do 2 de abril de 1992).

**Orde do 6 de maio de 1992** pola que se establece o calendario de axuste dos centros educativos de niveis non universitarios ás ratios fixadas na Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. (DOG nº 96 do 21 de maio de 1992).

**Orde do 6 de maio de 1992** pola que se regula o procedemento para implantación do segundo ciclo da educación infantil e se dictan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles centros onde se imparte o devendito ciclo. (DOG nº 96 do 21 de maio de 1992).

**Lei 8/1992, do 24 de xullo,** pola que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, sobre a obrigatoriedade de acreditar o coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para o acceso á función pública de Galicia. (DOG nº 152 do 6 de agosto de 1992).



**Decreto 245/1992, do 30 de xullo**, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 158 do 14 de agosto de 1992). Modificado e completado polo Decreto 235/1995, do 20 de xullo. (DOG nº 153 do 10 de agosto de 1995).

**Orde do 17 de agosto de 1992** pola que se regula a implantación da educación primaria e se dictan instrucións en materia de organización escolar para os centros que impartan o devandito nivel educativo. (DOG nº 166 do 26 de agosto de 1992). Modificada pola Orde do 11 de maio de 1993 (DOG nº 112 do 15 de xuño de 1993) e pola Orde do 3 de agosto de 1994. (DOG nº 159 do 18 de agosto de 1994).

**Orde do 30 de outubro de 1992** pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación, das ensinanzas do réxime xeral reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos. (BOE nº 271 do 11 de novembro de 1992). Modificada pola Orde do 2 de abril de 1993 (BOE nº 90 do 15 de abril de 1993).

**Orde do 2 de abril de 1993**, pola que se modifica a Orde do 30 de outubro de 1992, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación, das ensinanzas de réxime xeral reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos. (BOE nº 90 do 15 de abril de 1993).

**Orde do 13 de abril de 1993** pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica. (DOG nº 76 do 23 de abril de 1993).

**Real Decreto 535/1993, do 12 de abril**, polo que se modifica e completa o Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova Ordenación do Sistema Educativo. (BOE nº 106 do 4 de maio de 1993). Derogado polo Real Decreto 1487/1994, do 1 de xullo. (BOE nº 179 do 28 de xullo de 1994). Modificada pola Orde do 2 de abril de 1993. (BOE nº 90 do 15 de abril de 1993).

**Decreto 89/1993, do 19 de abril**, polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral. (DOG nº 78 do 27 de abril de 1993).

**Orde do 5 de maio de 1993** pola que se regula a avaliación da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 93 do 19 de maio de 1993).



**Orde do 6 de maio de 1993** pola que se regula a avaliación na educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 94 do 20 de maio de 1993).

**Corrección de erros. Orde do 6 de maio de 1993** pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 102 do 1 de xuño de 1993).

**Orde do 11 de maio de 1993**, pola que se modifica a do 17 de agosto de 1992 pola que se regula a implantación da Educación Primaria e se dictan instrucións en materia de organización escolar para os centros que impartan o devandito nivel educativo. (DOG nº 112 do 15 de xuño de 1993).

**Orde do 25 de outubro de 1993** pola que se dictan instrucións sobre o procedemento de solicitude e rexistro do libro de escolaridade de ensino básico. (DOG nº 228 do 26 de novembro de 1993).

**Corrección de erros. Orde do 25 de outubro de 1993.** (DOG nº 240 do 15 de decembro de 1993).

**Orde do 27 de xaneiro de 1994** pola que se modifica o apartado 3.7.2. da Orde do 24 de xullo de 1991 (DOG do 28 de agosto) pola que se regula a organización das actividades docentes nos centros de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional e o apartado 6.6. da Orde do 15 de xullo de 1991 (DOG do 26 de agosto) pola que se regula a organización e funcionamento dos centros de educación infantil, educación xeral básica, educación especial e educación permanente de adultos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 35 do 21 de febreiro de 1994).

**Decreto 74/1994, do 25 de marzo**, polo que se modifica o Decreto 230/1986, do 10 de xullo, polo que se regula a estrutura, composición e funcións do Consello Galego de Transportes. (DOG nº 69 do 12 de abril de 1994).

**Decreto 79/1994, do 8 de abril**, sobre exención da materia de Lingua Galega no ensino básico e medio. (DOG nº 72 do 15 de abril de 1994).

**Orde do 30 de xuño de 1994** pola que se desenvolve o Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre a exención da materia de Lingua Galega no ensino básico e medio. (DOG nº 150 do 4 de agosto de 1994).

**Real Decreto 1487/1994, do 1 de xullo**, polo que se modifica e completa o Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo. (BOE nº 179 do 28 de xullo de 1994).

**Orde do 3 de agosto de 1994**, pola que se modifica a do 17 de agosto de 1992, pola que se



regula a implantación da Educación Primaria e se dictan instrucións en materia de organización escolar para os centros que impartan o devandito nivel educativo. (DOG nº 159 do 18 de agosto de 1994).

**Orde do 15 de novembro de 1994** pola que se desenvolve o Decreto 89/1993, do 19 de abril, sobre autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral. (DOG nº 247 do 26 de decembro de 1994).

**Corrección de erros. Orde do 15 de novembro de 1994**, pola que se desenvolve o Decreto 89/1993, do 19 de abril, sobre autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral. (DOG nº 21 do 31 de xaneiro de 1995).

**Real Decreto 2438/1994, do 16 de decembro**, polo que se aproba a Ensinanza da Relixión no sistema educativo. (BOE nº 22 do 26 de xaneiro de 1995).

**Resolución do 6 de febreiro de 1995**, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se fai público o acordo do Consello de Ministros do día 18 de novembro de 1994, sobre execución de sentenza dictada en data 30 de xuño de 1994, no recurso contencioso-administrativo interposto pola asociación profesional de profesores de relixión en centros estatais e outros. (BOE nº 51 do 1 de marzo de 1995).

**Orde do 23 de febreiro de 1995**, pola que se establece o currículo de relixión católica na Educación Infantil, na Educación Primaria e na Educación Secundaria Obrigatoria. (DOG nº 61 do 28 de marzo de 1995).

**Decreto 87/1995, do 16 de marzo**, polo que se regula a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria. (DOG nº 61 do 28 de marzo de 1995).

**Corrección de erros. Decreto 87/1995, do 16 de marzo**, polo que se regula a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria. (DOG nº 72 do 12 de abril de 1995).

**Corrección de erros. Decreto 87/1995, do 16 de marzo**, polo que se regula a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria. (DOG nº 99 do 25 de maio de 1995).

**Orde do 5 de abril de 1995** pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos. (DOG nº 89 do 10 de maio de 1995).



**Circular número 12/1995**, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros pola que se aclaran certos aspectos das ordes do 5 e 6 de abril de 1995, polas que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria así como no Bacharelato e ciclos formativos de Formación Profesional específica de grao medio en Centros sostidos con fondos públicos.

**Lei 3/1995, do 10 de abril**, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia. (DOG nº 76 do 20 de abril de 1995).

**Real Decreto 732/1995, do 5 de maio**, polo que se establecen os dereitos e os deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros. (BOE nº 131 do 2 de xuño de 1995).

**Decreto 235/1995, do 20 de xullo**, polo que se regula o ensino da relixión nas ensinanzas de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifican e completan os Decretos 426/1991, do 12 de decembro, 245/1992, do 30 de xullo, 78/1993, do 25 de febreiro, 3275/1994, do 29 de xullo. (DOG nº 153 do 10 de agosto de 1995).

**Decreto 247/1995, do 14 de setembro** polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. (DOG nº 178 do 15 de setembro de 1995).

**Orde do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG nº 213 do 7 de novembro de 1995).

**Orde do 4 de outubro de 1995** pola que se regulan as actividades de estudo alternativas ao ensino da relixión, establecidas polo Decreto 235/1995, do 20 de xullo, para as ensinanzas de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 214 do 8 de novembro de 1995).

**Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro**, da Participación, a Avaliación e o Goberno dos Centros Docentes. (LOPAGCE). (BOE nº 278 do 21 de novembro de 1995).

**Decreto 320/1996, do 26 de xullo**, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. (DOG nº 153 do 6 de agosto de 1996).

**Resolución do 25 de setembro de 1996**, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se dictan normas para o desenvolvemento do disposto na Orde do 4 de outubro de 1995 en relación coa cultura relixiosa, pola que se regulan as actividades alternativas ao ensino da relixión. (DOG nº 203 do 16 de outubro de 1996).

**Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria. (DOG nº 206 do 21 de outubro de 1996).





1996).

**Corrección de erros. Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria. (DOG nº 217 do 6 de novembro de 1996).

**Corrección de erros. Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria. (DOG nº 4 do 8 de xaneiro de 1997).

**Corrección de erros. Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria. (DOG nº 39 do 26 de febreiro de 1997).

**Orde do 28 de outubro de 1996**, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG nº 233 do 28 de novembro de 1996). (Derrogada en parte pola Orde do 27 de decembro de 2002)

**Orde do 31 de outubro de 1996** pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (DOG nº 247 do 19 de decembro de 1996).

**Decreto 66/1997, do 21 de marzo**, polo que se modifica parcialmente o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. (DOG nº 63 do 3 de abril de 1997).

**Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 168 do 2 de setembro de 1997).

**Resolución do 12 de setembro de 1997**, da Delegación Provincial de A Coruña, pola que se delega nos directores de todos os centros públicos que impartan ensino primario e/ou secundario a competencia para entender acerca dos procedementos para a exención da materia de lingua galega. (DOG nº 177 do 15 de setembro de 1997).

**Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na



Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG n° 79 do 27 de abril de 1998).

**Corrección de erros.- Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG n° 91 do 14 de maio de 1998).

**Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG n° 147 do 31 de xullo de 1998).

**Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro**, polo que se implantan e regulan os centro públicos integrados de ensinanzas non universitarias. (DOG n° 16 do 26 de xaneiro de 1999).

**Orde do 25 de xaneiro de 1999** pola que se amplía a Orde do 13 de abril de 1993, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión de mañá nos centros de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Xeral Básica. (DOG n° 17 do 27 de xaneiro de 1999).

**Orde do 5 de abril de 1999** pola que se convoca a realización con carácter experimental, de proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da Educación Infantil e no primeiro ciclo da Educación Primaria. (DOG n° 82 do 30 de abril de 1999).

**Decreto 245/1999, do 29 de xullo**, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte ensinanzas de niveis non universitarios. (DOG n° 169 do 1 de setembro de 1999).

**Lei 39/1999, do 5 de novembro**, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras. (BOE n° 266 do 6 de novembro de 1999).

**Lei 8/1999, do 30 de decembro**, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa. (DOG n° 252 do 31 de decembro de 1999).

**Orde do 19 de xaneiro de 2000** pola que se amplía a do 13 de abril de 1993 (DOG n° 76 do 23 de abril de 1993) pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Xeral Básica. (DOG n° 18 do 27 de xaneiro de 2000).

**Orde do 15 de maio de 2000**, pola que se convoca a realización de proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria. (DOG n° 105 do 31 de maio de 2000).

**Orde do 3 de outubro de 200**, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non



universitarios. (DOG nº 212 do 2 de novembro de 2000).

**Orde do 16 de marzo de 2001** pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación Infantil, Primaria e Secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos. (DOG nº 72 do 11 de abril de 2001).

**Real Decreto 443/2001, do 27 de abril**, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. (BOE nº 105 do 2 de maio de 2001).

**Orde do 26 de xullo de 2001** pola que se convoca a realización de proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da Educación Infantil e no primeiro ciclo da Educación Primaria. (DOG nº 157 do 14 de agosto de 2001).

**Orde do 18 de xuño de 2002** pola que se modifica a do 13 de abril de 1993 (Diario Oficial de Galicia do 23) que establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Xeral Básica. (DOG nº 126 do 2 de xullo de 2002).

**Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro**, de Calidade da Educación (**LOCE**). (BOE nº 307 do 24 de decembro de 2002).

**Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. (DOG nº 20 do 30 de xaneiro de 2003). (Derroga artigos 7, 2º e 7, 4º da Orde do 28 de outubro de 1996).

**Decreto 201/2003, do 20 de marzo**, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios. (DOG nº 67 do 4 de abril de 2003).

**Orde do 6 de xuño de 2003** pola que se convoca o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuitos e se establecen as súas normas de organización e funcionamento. (DOG nº 113 do 12 de xuño de 2003).

**Real Decreto 827/2003, do 27 de xuño**, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación. (BOE nº 154 do 28 de xuño de 2003).

**Real Decreto 828/2003, do 27 de xuño**, polo que se establecen os aspectos educativos básicos da educación preescolar. (BOE nº 156 do 1 de xullo de 2003).

**Real Decreto 829/2003, do 27 de xuño**, polo que se establecen as ensinanzas comúns da Educación Infantil. (BOE nº 156 do 1 de xullo de 2003).



**Real Decreto 830/2003, do 27 de xuño**, polo que se establecen as ensinanzas comúns da Educación Primaria. (BOE nº 157 do 2 de xullo de 2003).

**Real Decreto 943/2003, do 18 de xullo**, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente. (BOE nº 182 do 31 de xullo de 2003).

**Real Decreto 1537/2003, do 5 de decembro**, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas escolares de réxime xeral. (BOE nº 295 do 10 de decembro de 2003).

**Lei 8/2003, do 23 de decembro**, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004. (DOG nº 251 de 29 de decembro de 2003).

**Lei 9/2003, do 23 de decembro**, de medidas tributarias e administrativas. (DOG nº 251 do 29 de decembro de 2003).

**Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. (DOG nº 40 do 26 de febreiro de 2004).

**Circular 3/2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa**, pola que se dictan instrucións sobre os criterios de admisión de alumnos en educación Infantil, Primaria e Secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, no caso de que o número de solicitudes supere ao de prazas vacantes.

**Orde do 26 de abril de 2004** pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten ensinanzas escolares. (DOG nº 85 do 4 de maio de 2004).

**Real Decreto 1318/2004, do 28 de maio**, polo que se modifica o Real Decreto 827/2003, de 27 de xuño, polo que se establece o calendario da aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecido pola Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación. (BOE nº 130 do 29 de maio de 2004).

**Decreto 157/2004, do 7 de xullo**, polo que se modifica o regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Decreto 94/1991, do 20 de marzo. (DOG Nº 139 do 20 de xullo de 2004).

**Lei 7/2004, do 16 de xullo**, galega para a igualdade de mulleres e homes. (DOG nº 149 do 3 de agosto de 2004).

**Decreto 58/2006, do 30 de marzo**, polo que se crea e regula o funcionamento da Comisión de



Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. (DOG nº 70 do 10 de abril de 2006).

**Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de Educación (LOE). (BOE nº 106, do 4 de maio de 2006).

**Lei 27/2005, do 30 de novembro**, de fomentado da educación e a cultura da paz. (BOE nº 287, do 1 de decembro de 2005).

**Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño**, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (BOE nº 167 do 14 de xullo de 2006).

**Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro**, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. (BOE nº 293, do 8 de decembro de 2006).

**Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro**, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación infantil. (BOE nº 4 do 4 de xaneiro de 2007).

**Lei 17/2006, do 27 de decembro**, do libro e da lectura de Galicia. (DOG nº 7 do 10 de xaneiro de 2007).

**Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro**, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 26 do 6 de febreiro de 2007).

**Orde do 21 de febreiro de 2007** pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 45 do 5 de marzo de 2007).

**Corrección de erros. Orde do 21 de febreiro de 2007** pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 66 do 3 de abril de 2007).

**Decreto 28/2007, do 8 de marzo**, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG nº 50 do 12 de marzo de 2007).

**Orde do 12 de marzo de 2007** pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG nº 51 do 13 de marzo de 2007).



**Corrección de erros.-** Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG nº 63 do 29 de marzo de 2007).

**Decreto 30/2007, do 15 de marzo,** polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG nº 51 do 16 de marzo de 2007).

**Orde do 17 de marzo** pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG nº 55 do 19 de marzo de 2007).

**Corrección de erros. Orde do 17 de marzo de 2007** pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG nº 67 do 4 de abril de 2007).

**Decreto 85/2007, do 12 de abril,** polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar. (DOG nº 88 do 8 de maio de 2007).

**Decreto 124/2007, do 28 de xuño,** polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. (DOG nº 125 do 29 de xuño de 2007).

**Decreto 130/2007, do 28 de xuño,** polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 132 do 9 de xullo de 2007).

**Orde do 23 de novembro de 2007** pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 232 do 30 de novembro de 2007).

**Orde do 29 de maio de 2008** pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación espacial e centros privados concertados. (DOG nº 109 do 6 de xuño de 2008).

**Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo,** polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia. (DOG nº 114 do 13 de xuño de 2008).

**Orde do 13 de xuño de 2008** pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes



públicos non universitarios dependentes desta consellería. (DOG nº 118 do 19 de xuño de 2008).

**Orde do 16 de febreiro de 2009** pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 37 do 23 de febreiro de 2009).

**Resolución do 18 de maio de 2009**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación diagnóstica nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009. (DOG nº 104 do 29 de maio de 2009).

**Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 121 do 23 de xuño de 2009).

**Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 134 do 10 de xullo de 2009).

**Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG nº 97 do 25 de maio de 2010).

**Lei 3/2011, do 30 de xuño**, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (DOG nº 134 do 13 de xullo de 2011).

**Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG nº 136 do 15 de xullo de 2011).

**Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG nº 242 do 21 de decembro de 2011).



---

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP MONTE DOS POSTES

*Rúa das Fontiñas, 79. Santiago de Compostela. A Coruña. Tel/Fax.: 981 543 187.*

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/> E-mail: [ceip.monte.postes@edu.xunta.es](mailto:ceip.monte.postes@edu.xunta.es)

---





### **3. ANÁLISE DO CONTEXTO.**

#### **3.1. O CENTRO.**

O Centro de Educación Infantil e Primaria Monte dos Postes, é un centro público de educación Infantil e Primaria dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que se atopa ubicado na zona periférica norte da cidade de Santiago de Compostela.

Conxuga dúas características: o asentamento antigo (San Lázaro) e o relativamente novo, unha área de nova urbanización, que se enmarca dentro das novas formas de crecemento e dinamización urbanas. Está situado trala Xunta de Galicia e entre dúas rúas con moito tráfico e rodeado doutros centros administrativos e comerciais importantes (Centro Comercial Área Central, Multiusos de San Lázaro, Pazo de Congressos, Hoteis, etc...).

Con todo, o centro de ensino, ten todas as características dun centro eminentemente urbano.

Foi creado polo Real Decreto 3010/1977, do 23 de setembro (BOE nº 282 do 25 de novembro de 1977) e posto en funcionamento pola Orde do 8 de maio de 1978 (BOE nº 158 do 4 de xullo de 1978) e Orde do 13 de decembro de 1984, pola que se modifican centros públicos de educación xeral básica e pre-escolar nas provincias de A Coruña e Ourense (DOG nº 17 do 24 de xaneiro de 1985)

#### **3.2. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO.**

O Colexio Monte dos Postes atópase situado na zona norte da cidade de Santiago de Compostela. Debido a súa situación, nun extremo da cidade, acolle alumnos e alumnas procedentes tanto do ámbito rural como urbano.

Así, veñen a este centro nenos e nenas dos seguintes núcleos de poboación: San Lázaro, Fontiñas, San Caetano, Meixonfrío, San Marcos, Bando, Amio, Aríns, Guadalupe, Concheiros e As Cancelas.

O 30% do alumnado atópase preto do colexio, polo que se desprazan andando sen utilizar o transporte escolar. O resto dos alumnos/as utiliza o transporte escolar por estaren os seus domicilios lonxe do centro.

A zona está dotada de infraestructuras (deportivas, lúdicas, comerciais, de transportes, sanitarias,



etc...) e de servizos sociais e culturais: asociación de veciños, asociacións xuvenís e outras agrupacións.

O alumnado procede fundamentalmente de familias do barrio e arredores e das novas urbanizacións. En menor medida están os alumnos/as procedentes do rural. A inmigración é de escasa importancia.

A idade media do núcleo familiar atópase nos seguintes parámetros:

Ata 30 anos, atópase o 7,29%

De 30 a 39 anos, atópase o 50,72%

De 40 a 49 anos, atópase o 37,22%

De máis de 50 anos, atópase o 4,74%

O nivel de calidade de vida que ofrece a zona é medio.

A formación académica dos pais/nais dos nosos alumnos e alumnas distribúese do seguinte xeito :

Teñen estudos primarios 240 que representa o 41,73%

Teñen estudos secundarios 227 que representa o 39,47%

Teñen estudos universitarios 108 que representa o 18,75%

No apartado laboral dos pais/nais, sinalaremos que:

90 son empregados, representando o 15,8%

24 son auxiliares, representando o 4,2%

20 son autónomos, representando o 3,52%

95 son amas de casa, representando o 16,75%

56 son funcionarios, representando o 9,8%

31 son profesores, representando o 5,45%

50 son traballadores da construción, representando o 8,8%

19 son conductores, representando o 3,34%

12 son inxenieros, representando o 2,11%

23 son técnicos, representando o 4,04 %

27 teñen profesións liberais, representando o 4,75%

20 dedícanse a automoción, representando 3,52%



26 dedícanse ao sector servizos, representando o 4,57%

13 dedícanse a outras actividades, representando o 2,28%

A lingua empregada no ámbito familiar do alumnado é como segue:

114 empregan habitualmente o galego, representando o 34,23%

74 empregan o galego e o castelán indistintamente, representando o 25,08%

101 empregan habitualmente o castelán, representando o 34,23%.



#### **4. SINAIS DE IDENTIDADE.**

##### **4.1. CONFESIONALIDADE.**

O noso Centro, como Centro Público maniféstase aconfesional e móstrase respectuoso con todas as ideoloxías políticas e crenzas relixiosas dos membros da comunidade escolar.

É, por tanto, un centro ideoloxicamente pluralista, en especial na vertente relixiosa e política. A este respecto estaremos sempre ao que a lexislación dictamine para o ensino da relixión nos centros públicos.

De acordo con este pluralismo, toda persoa que traballe neste centro renuncia a todo tipo de adoutramento, proselitismo e sectarismo.

Hai que intentar dar ao alumno/a as informacións o máis obxectivas posibles para que el progresivamente vaia formando os seus propios criterios.

Entendemos que os alumnos e as alumnas deben ser receptivos á situación de cambio que está a experimentar a sociedade, educándoos na xustiza e na liberdade.

##### **4.2. RELACIÓN CO ENTORNO.**

O centro está aberto a todo tipo de iniciativas e suxerencias de organismos, institucións e compoñentes da Comunidade Educativa.

Hai unha ANPA coa que a Dirección e Profesorado do centro conviven en perfecta harmonía.

Dase unha fluída relación co resto dos centros educativos da localidade, tanto de Educación Infantil, Educación Infantil e Primaria e I.E.S.

A relación cos organismos municipais son de participación e asunción de todo tipo de actividades que propoñen e que o centro estima de forma positiva a súa participación.

##### **4.3. COEDUCACIÓN.**

A coeducación, entendida como educación común e baixo o mesmo modelo educativo de nenos de ambos os dous sexos, é un proceso ao que pretendemos chegar fomentando nos alumnos/as o respecto á propia persoa e aos demais así como á plena aceptación da propia sexualidade e a dos outros.

No proceso de coeducación o Centro practicará a igualdade sen discriminación por razón de sexo,



recoñecerá o dereito propio de cada un, estimando e valorando a colaboración no traballo e no diálogo. Tamén orientará aos pais/nais para que colaboren co Centro e dean aos seus fillos/as as mesmas oportunidades formativas e manteñan con eles un nivel similar de esixencia sistemática e de coherencia educativa.

Así mesmo na orientación e titoría dos alumnos e alumnas, fomentárase a confianza nas propias capacidades e valores do neno/a, á hora de escoller opcións curriculares e planificar o seu futuro profesional sen presións estereotipadas.

Revisarase o material didáctico, como libros, vídeos, contos, etc..., e realizaranse as adaptacións oportunas para que non presenten mensaxes perxudiciais para ningún dos grupos.

#### **4.4. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS.**

No Centro respéctase o pluralismo e a aceptación das normas democráticas de convivencia. O Centro non mostrará preferencia por ningunha das ideoloxías políticas, e estará a favor da convivencia pacífica e respectuosa de todos os alumnos/as, sexa cal sexa a súa procedencia, relixión, raza, ideoloxía ou nivel económico. Trátase de inculcar aos alumnos/as a importancia da liberdade individual e da solidariedade.

Potenciaranse no alumnado os valores dunha sociedade democrática: tolerancia, actitude dialogante e rexeitamento a calquera tipo de discriminación. Formaremos aos nosos alumnos/as con vistas a que poidan participar de xeito competente na sociedade, e que esta formación lle sirva para tratar coa diversidade, cos conflitos de ideas e tamén lles permita desenvolverse nun marco de tolerancia e respecto.

Un dos aspectos do currículo será a Educación para a cidadanía e para a Paz que se concretará na consecución dunhas normas de convivencia.

Así mesmo fomentárase as relacións de colaboración e intercambio con outras comunidades educativas.

#### **4.5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

O Centro promoverá a igualdade entre todos os membros da Comunidade Escolar, así como a non discriminación por razóns de sexo, culturas, lingua, nivel de aprendizaxe e tolerancia e os



valores de respecto ás diferencias (e a súa consideración como situacións enriquecedoras para o grupo).

Entendemos que a diversidade é a conformación natural nun grupo de alumnos/as, e asumimos o reto de elaborar respostas educativas diferenciadas e axustadas á diversidade de intereses, motivacións e capacidades de aprendizaxe de todos os alumnos/as.

Dentro desta diversidade contemplárase un servizo de orientación escolar para atender aos alumnos/as con necesidades especiais de apoio educativo.

#### **4.6. DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE.**

Pretendemos que os alumnos/as recoñezan no seu contorno natural o impacto dalgunhas actividades humanas como: provocar lume, contaminación das augas, estragar plantas, non respectar aos animais, tirar indiscriminadamente cristais, plásticos, pilas, papeis, etc...

Partindo do colexio e do seu entorno, potenciaremos actitudes positivas para a conservación, mellora, embelecemento e recuperación do medio natural no que se desenvolven (colexio, barrio, casa, cidade, excursións, etc...).

No día da árbore o centro participa todos os anos plantando unha árbore e nas actividades que organiza o Concello no monte Pedroso coa plantación de árbores.

#### **4.7. LINGUA DE APRENDIZAXE.**

O uso da propia lingua é un dereito de todos os membros da comunidade escolar. Co obxecto de contribuír á normalización lingüística da lingua galega como lingua propia da Comunidade Autónoma, procurarase que esta sexa cada vez máis a lingua de aprendizaxe e a lingua vehicular de toda a actividade escolar.

O centro empregará como lingua de aprendizaxe a lingua propia dos alumnos/as. Potenciará o uso e a normalización do idioma galego. Pretenderase que ao final da escolaridade primaria o alumnado teña un correcto dominio, tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais: galego e castelá, así como que coñeza e valore a cultura de ambas as dúas linguas. Tamén se introducirá a competencia noutra lingua estranxeira.



O centro realizará todas as comunicacións oficiais e correspondencia dentro da Comunidade Galega en lingua galega.

#### **4.8. DIMENSIÓNS EDUCABLES.**

A formación integral que pretendemos irá dirixida a:

\* Unha educación corporal, intelectual, social, afectiva, estética e moral.

\* Unha educación actitudinal, que abranguerá os seguintes aspectos:

- \* Educación para a saúde.
- \* Educación vial.
- \* Educación ambiental.
- \* Educación para o ocio e tempo libre.
- \* Educación para o consumo.
- \* Educación intercultural.
- \* Educación para a paz e non violencia.
- \* Educación para a tolerancia.

#### **4.9. MODALIDADE DE XESTIÓN.**

A xestión do Centro Educativo será democrática, participativa, transparente e non directiva. Estará aberta ás suxerencias e propostas de todos os membros da Comunidade Educativa. A relación entre pais/nais/titores de alumnos/as e o profesorado pretenderá ser fluída e enriquecedora, propiciando situacións de contacto que melloren a acción educativa en todos os ámbitos.



## 5. ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

### 5.1. TIPOLOXÍA DO CENTRO.

O COLEXIO Monte dos Postes é un centro público que imparte educación infantil e primaria dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e que está adscrito ao IES Antón Fraguas.

Nome	CEIP Monte dos Postes
Código do centro	15019359
C.I.F.	Q – 6555521 – A
Teléfono / Fax	981 543 187
E-mail	<a href="mailto:ceip.monte.postes@edu.xunta.es">ceip.monte.postes@edu.xunta.es</a>
Páxina Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipmontedospostes">http://centros.edu.xunta.es/ceipmontedospostes</a>
Rúa	Das Fontiñas, 79
Localidade	Santiago de Compostela
C.P.	15707
Provincia	A Coruña

O Catálogo do centro na actualidade é o seguinte:

Unidades	
Educación Infantil	6
Educación Primaria	12

Postos de traballo	
Educación Infantil	8
Educación Primaria	11
Filoxía Inglesa	2
Filoxía Francesa	1
Educación Musical	1
Educación Física	2





Pedagogía Terapéutica	1
Audición e Linguaxe	1
Orientación	1
Formación Relixiosa	1

## 5.2. AS DEPENDENCIAS.

O COLEXIO Monte dos Postes consta de tres plantas nas que se distribúen as súas dependencias.

Planta baixa.

- 3 aulas de Educación Infantil.
- Aula de educación específica.
- 4 aulas habilitadas na que era vivenda do conserxe.
- Sala comedor
- Sala de usos múltiples, con escenario.
- Dirección, secretaría, sala de profesores e servizos hixiánicos.

Planta primeira.

- 2 aulas de Educación Infantil.
- 4 aulas de Educación Primaria.
- 1 aula de Pedagogía Terapéutica
- 1 aula para sesións de vídeo.
- 1 aula de informática.
- Biblioteca.
- Despacho de orientación.
- Sala de xuntas de Orientación.
- Servizos hixiánicos.

Planta segunda.

- 8 aulas de Educación Primaria.
- Laboratorio.
- 1 titoría.
- 1 aula de Audición e Linguaxe.



- 1 aula de música.
- Servizos hixiénicos.

Independentemente do edificio principal está o pavillón polideportivo no que se desenvolven as clases de Educación Física e as actividades extraescolares.

Conta con algunhas zonas axardinadas con abundantes árbores, pero con importantes desniveis e pendentes pronunciadas. Conta, tamén, con pequenos patios de xogo para os nenos e nenas.

Na zona de infantil dispón dalgúns xogos con randeirras, tobogáns e un areeiro pequeno.

### 5.3. ORGANIGRAMA.

- Director
  - Xefe de estudos
  - Secretario
  - Equipo directivo
  - Claustro
  - Consello Escolar
  - Titores
  - Coordinación docente.
  - Normalización Lingüística.
- \* Director  
\* Xefe de estudos  
\* Secretario
- Todos os profesores/as do centro nese momento.  
Presidente: Director  
Secretario: Secretario do centro.  
Xefe de estudos  
5 profesores/as eleixidos polo claustro.  
4 pais/nais eleixidos polos pais/nais.  
1 pai/nai proposto pola ANPA  
1 Concellal  
1 Administración e servizos.  
1 Profesor/a por nivel
- Educación Infantil  
Educación primaria 1º Ciclo  
Educación primaria 2º Ciclo  
Educación primaria 3º Ciclo  
1 profesor/a de educación infantil



- 1 profesor/a 1º Ciclo.
- 1 profesor/a 2º Ciclo
- 1 profesor/a 3º Ciclo
- 1 Coordinador
- Departamento de Orientación. Orientador que será o coordinador
  - Coordinador de educación infantil
  - Coordinador 1º Ciclo
  - Coordinador 2º Ciclo
  - Coordinador 3º Ciclo
  - Profesor/a de Pedagogía Terapéutica.
  - Profesor/a de Audición e Linguaxe.
- Comisión de disciplina. Director
  - Orientador
  - Profesor/a titor/a do alumn@ implicado.
  - Profesor/a que teña coñecemento dos feitos.
- Comisión económica. Director
  - Secretario/a
  - 1 profesor/a
  - 1 pai/nai
- Observatorio da Convivencia Escolar. Presidente: Director
  - Vicepresidente: Xefe de estudos
  - 3 profesores.
  - Orientador
  - 1 pai/nai
  - 1 servizos.
- Encargado de Biblioteca. 1 Profesor/a alomenos.
- Coordinador de actividades Complementarias e extraescolares. 1 Profesor/a alomenos.
- Material deportivo. Profesores de Educación física.
- Coordinador de festivais. Xefe de estudos.



- Coordinador da revista. Coordinador de normalización e dinamización lingüística.
- ANPA do COLEXIO Monte do Postes que se rixe polos seus órganos de goberno propios e estatutos correspondentes.

#### 5.4. HORARIO.

##### Setembro - Xuño

Primeira sesión:	9:00	9:55
Segunda sesión:	9:55	10:50
Terceira sesión:	10:50	11:45
Recreo:	11:45	12:15
Cuarta sesión	12:15	13:10
Quinta sesión:	13:10	14:00

Prolongarase o horario cando haxa saídas fóra da localidade.

#### 5.5. TRANSPORTE ESCOLAR.

O transporte escolar está a cargo de dúas empresas que realizan un total de catro itinerarios.

- Itinerario Canceas –Meixonfrío Empresa Mougán
- Itinerario Amio Empresa Mougán
- Itinerario Arins Empresa Lázara
- Itinerario San Marcos Empresa Lázara

Os percorridos son curtos e o tempo máximo que se utiliza no seu percorrido é 20, 25 minutos aproximadamente.

#### 5.6. COMEDOR ESCOLAR.

O centro facilitará a dispoñibilidade dun local para comedor escolar que será xestionado pola ANPA e funcionará cun servizo de catering.

#### 5.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

O centro axudará a coordinar as actividades extraescolares que serán xestionadas pola ANPA.



### **5.8. OUTROS SERVIZOS.**

O Centro, dentro das súas posibilidades, e en coordinación coa ANPA estará aberto a iniciativas futuras que beneficien a todos ou a un grupo significativo de alumnos/as e pais/nais da comunidade educativa.



## **6. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE.**

### **6.1. CONSELLO ESCOLAR.**

#### **6.1.1. Composición do Consello Escolar.**

O Consello Escolar estará composto polos seguintes membros:

- a) O director do centro, que será o seu Presidente.
- b) O xefe de estudos.
- c) Un concellal ou representante do Concello.
- d) Un número de profesores, eleixidos polo Claustro, que non poderá ser inferior a un tercio do total dos compoñentes do Consello.
- e) Un número de pais/nais de alumnos/as, eleixidos respectivamente por ou entre eles, que non poderá ser inferior a un tercio do total dos compoñentes do Consello.
- f) Un representante do persoal de administración e servizo do centro.
- g) O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello, con voz e sen voto.

Un dos representantes dos pais no Consello Escolar será designado pola asociación de pais/nais representativa do centro.

#### **6.1.2. Competencias do Consello Escolar.**

O Consello Escolar terá as seguintes competencias:

- a). Aprobado e avaliar os proxectos e as normas ás que se refire o capítulo II do título V da presente Lei.
- b). Aprobado e avaliar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de Profesores/as, en relación coa planificación e organización docente.
- c). Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d). Participar na selección de director do centro nos termos que a presente Lei establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría do dous tercios, propoñer a revocación do nomeamento do director.
- e). Decidir sobre a admisión de alumnos/as con suxección ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolven.
- f). Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado



que perxudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello escolar, a instancia de pais ou titores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.

g). Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

h). Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.

i). Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

j). Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendimento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.

k). Elaborar propostas e informes, á iniciativa propia ou á petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

l). Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

## **6.2. CLAUSTRO DE PROFESORES.**

### **6.2.1. Composición.**

O Claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e teñen a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

O Claustro será presidido polo director e estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro.

### **6.2.2. Competencias.**

O Claustro de profesores terá as seguintes competencias:

- a) Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.



- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir aos seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos pola presente Lei.
- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- h) Informar as normas de organización e funcionamento do centro.
- i) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar porque estas se atean á normativa vixente.
- j) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- k) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

### **6.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.**

Corresponde ás Administracións educativas regular o funcionamento dos órganos de coordinación docente e de orientación e potenciar os equipos de profesores que impartan clase no mesmo curso, así como a colaboración e o traballo en equipo dos profesores/as que impartan clase a un mesmo grupo de alumnos/as.

#### **6.3.1. EQUIPOS DE CICLO.**

Os equipos de ciclo, que agruparán a todos os mestres que impartan docencia nel, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

##### **6.3.1.1. Competencias do equipo de ciclo.**

Son competencias do equipo de ciclo:

- a) Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos





proxectos curriculares de etapa ou a modificacións deles.

- c) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- d) Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
- e) Colaborar co Departamento de Orientación do centro.

#### **6.3.1.2. Coordinador do equipo de ciclo.**

Cada un dos equipos de ciclo estará dirixido por un coordinador. Funcionarán no centro os seguintes equipos de ciclo: Educación Infantil, primeiro ciclo de Primaria, segundo ciclo de Primaria e terceiro ciclo de Primaria.

#### **6.3.1.3. Competencias do coordinador de ciclo.**

Corresponde ao coordinador de ciclo:

- a) Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.
- b) Convocar e presidir as reunións do equipo de ciclo.
- c) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.
- d) Coordinar as funcións de titoría dos alumnos/as de ciclo.
- e) Coordinar a ensinanza no correspondente ciclo de acordo co proxecto curricular de etapa.
- f) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.
- g) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a memoria final de curso.
- h) Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.
- i) Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe de estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ao reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.
- j) Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.
- k) Colaborar e asistir ás reunións do Departamento de Orientación do centro.

#### **6.3.1.4. Programación didáctica dos equipos de ciclo.**



A programación didáctica dos equipos de ciclo incluírá, os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, con especial referencia aos mínimos esixibles.
- b) A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- c) Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as.
- d) As actividades de recuperación e os reforzos para lograr a dita recuperación.
- e) Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos/as.
- f) O tratamento dos temas transversais.
- g) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o equipo de ciclo.
- h) As medidas de atención á diversidade e se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos/as que as precisen.

### **6.3.2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA..**

A comisión de coordinación pedagóxica estará integrada polo director, como presidente, o xefe de estudos, o orientador, os coordinadores de ciclo, o coordinador do equipo de normalización lingüística, o profesor de pedagogía terapéutica e o profesor de audición e linguaxe..

#### **6.3.2.1. Competencias da comisión de coordinación pedagóxica.**

A comisión de coordinación pedagóxica terá as seguintes competencias:

- a) Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d) Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.
- e) Propoñer ao claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.



- f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- g) Canalizar as necesidades de formación cara ao centro de Formación Continuada do profesorado.
- h) Realizar, de ser o caso, a proposta ao xefe de estudos co fin de que designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- i) Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de Normalización Lingüística.

### **6.3.3. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

Para potenciar o uso da lingua galega constituirase nos centros un equipo de Normalización Lingüística, constituído por un profesor de cada ciclo e coordinado por un dos profesore/as.

#### **6.3.3.1. Competencias do equipo de normalización e dinamización lingüística.**

É competencia do equipo de Normalización Lingüística:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de Normalización Lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
  - a). Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
  - b). Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc... no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevea na súa normativa específica.

#### **6.3.3.2. Competencias do coordinador.**



Son competencias do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlle aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

#### **6.3.4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**

O Departamento de Orientación estará constituído por: Orientador, coordinadores de ciclo, profesor de pedagogía terapéutica e profesor de audición e linguaxe.

##### **6.3.4.1. Ámbitos de actuación.**

- Orientación no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Orientación académica.
- Orientación persoal.
- Orientación familiar e con outras institucións.

##### **6.3.4.2. Liñas prioritarias de actuación**

As liñas proritarias de actuación son as seguintes:

- Seguimento, avaliación e revisión do Plan de Acción Titorial.
- Atención á diversidade, especialmente no que se refire á atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- Colaboración co profesorado titor tanto na avaliación inicial como no seguimento do alumnado.
- Potenciación das materias instrumentais do currículo e fomento da valoración do esforzo pola aprendizaxe.
- Diseñar accións encamiñadas á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento na aprendizaxe con programas específicos de intervención.



- Colaborar no deseño dos criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Atender ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo procedente do estranxeiro.
- Facilitar ao alumnado información e apoio para adquirir habilidades de aprendizaxe nas materias fundamentais: matemáticas e lingua.
- Deseñar accións e programas para mellorar a comprensión lectora.
- Establecer programas de intervención que favorezan a tolerancia e mellora do clima convivencial no centro.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias e á Comunidade Educativa na consecución dos obxectivos educativos.
- Participar no desenvolvemento de programas integrados por especialidades que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos.
- Fomentar e colaborar na coordinación entre Primaria e Secundaria.
- Deseñar as adaptacións curriculares individualizadas de acordo co Proxecto Curricular de centro.

### **6.3.5. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo e/ou recursos que utilizan.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, se realizan fóra do horario lectivo.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Este equipo estará integrado polo seu xefe, que será o coordinador, e polos profesores que participan nas distintas actividades.

#### **6.3.5.1. Funcións do coordinador de actividades complementarias e extraescolares.**

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares terá as seguintes funcións:

- a) Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de



coordinación pedagóxica.

- b) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusión económica e forma de participación do alumnado.
- c) Proporcionarlles aos alumnos e alumnas e aos pais/nais a información relativa ás actividades do equipo.
- d) Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais.
- e) Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos.
- f) Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo consello escolar.
- g) Organizar a utilización da biblioteca do centro.
- h) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- i) Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.



## 7. DIRECCIÓN DO CENTRO.

### 7.1. O equipo directivo.

O equipo directivo, órgano executivo de goberno dos centros públicos, estará integrado polo director, o xefe de estudos e o secretario.

O equipo directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme ás instrucións do director e as funcións específicas legalmente establecidas.

### 7.2. Competencias do director.

Son competencias do director:

- a) Ostentar a representación do centro, representar á Administración educativa no mesmo e facerlle chegar a esta os plantexamentos, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar.
- c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.
- d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
- e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumn@s, en cumprimento da normativa vixente sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 desta Lei. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co entorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos.
- h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
- i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do Consello Escolar e do Claustro de Profesores do centro e executar os acordos adoptados no ámbito das súas competencias.



- j) Realizar as contratacións de obras, servizos e suministros, así como autorizar os gastos de acordo co presuposto do centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo ilo de acordo co que establezan as Administracións educativas.
- k) Propoñer á Administración educativa o nomeamento e cese dos membros do equipo directivo, previa información ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar.
- l) Calquera outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa.

### **7.3. Competencias do xefe de estudos.**

Son competencias do xefe de estudos:

- a) Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ao réxime académico.
- b) Substituír ao director en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións.
- c) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores/as e alumnos/as, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estricto cumprimento.
- e) Coordinar a actividade dos coordinadores de ciclo.
- f) Coordinar e orientar a acción dos titores de acordo con plano de acción tutorial.
- g) Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organizar as actividades de formación de profesores realizadas polo centro.
- h) Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
- i) Facilitar a organización dos alumnos/as e impulsar a súa participación no centro.
- j) Establecer os mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnos e alumnas accidentados ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.
- k) Organizar a atención dos alumnos/as nos períodos de lecer.
- l) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do ámbito da súa competencia.





#### **7.4. Competencias do Secretario.**

Son competencias do Secretario:

- a) Ordenar o réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director.
- b) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do centro, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace do director.
- c) Custodiar os libros e arquivos do centro coa colaboración dos coordinadores do ciclo.
- d) Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.
- e) Realizar o inventario xeral do centro e mantelo actualizado.
- f) Custodiar e dispoñer a utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.
- g) Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servizos adscrito ao centro.
- h) Elaborar o anteproxecto de orzamento do centro de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica.
- i) Ordenar o réxime económico do centro, de conformidade coas instrucións do director, realizar a contabilidade e render contas ante o consello escolar e as autoridades correspondentes.
- j) Velar polo mantemento material do centro en todos os seus aspectos, de acordo coas indicacións do director.
- k) Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro.
- l) Presidir, se é o caso, por delegación do director, a comisión económica.
- m) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.



## **8. PROFESORADO.**

### **8.1. Funcións do profesorado.**

As funcións do profesorado son, entre outras, as seguintes:

- a) A programación e a ensinanza das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b) A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensinanza.
- c) A titoría dos alumnos/as, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- d) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos/as, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- e) A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- f) A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro e fóra do recinto educativo, programadas polo centro.
- g) A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos/as os valores da cidadanía democrática.
- h) A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seu fillos/as, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.
- i) A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- j) A participación na actividade xeral do centro.
- k) A participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións educativas ou os propios centros.
- l) A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensino correspondente.

Os profesores realizarán as funcións expresadas no apartado anterior baixo o principio de colaboración e traballo en equipo.

### **8.2. Profesorado de educación infantil.**

A atención educativa directa aos nenos e nenas do primeiro ciclo de educación infantil correrá a cargo de profesionais que posúan o título de Mestre coa especialización en educación infantil ou o



título de Grao equivalente e, no seu caso, doutro persoal coa debida titulación para a atención ás nenas e aos nenos desta idade.

O segundo ciclo de educación infantil será impartido por profesores co título de Mestre e a especialidade en educación infantil ou o título de Grao equivalente e poderán ser apoiados, na súa labor docente, por mestres doutras especialidades cando as ensinanzas impartidas o requiran.

### **8.3. Profesorado de educación primaria.**

Para impartir as ensinanzas de educación primaria será necesario ter o título de Mestre de educación primaria ou o título de Grao equivalente, sen prexuízo da habilitación doutras titulacións universitarias que, a efectos de docencia poidera establecer o Goberno para determinadas áreas. A educación primaria será impartida por mestres, que terán competencia en todas as áreas deste nivel. A ensinaza da música, da educación física, dos idiomas estranxeiros ou de aquelas outras ensinanzas que determine o Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, serán impartidas por mestres coa especialización ou cualificación correspondente.



## 9. AS ENSINANZAS.

### 9.1. Educación Infantil.

A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos de idade.

A educación infantil ten carácter voluntario e a súa finalidade é a de contribuir ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e nenas.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respetar as diferentes.
- b) Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución de conflitos.
- f) Desenvolver actividades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

A etapa de educación infantil ordénase en dous ciclos. O primeiro comprende ata os tres anos, e o segundo, desde os tres anos ata os seis.

O carácter educativo dun ou outro ciclo será recollido polos centros educativos nunha proposta educativa.

En ambos ciclos da educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio no que viven. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de sí mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.



Os contidos educativos da educación infantil organizaranse en áreas correspondentes aos ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos e nenas.

Fomentarase unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil, especialmente no último ano. Asimesmo, fomentarase unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas e na expresión visual e musical.

Os métodos de traballo en ambos ciclos basaranse nas experiencias, nas actividades e no xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social.

## **9.2. Educación Primaria**

A educación primaria é unha etapa educativa que comprende seis cursos académicos, que se cursan ordinariamente entre os seis anos e os doce anos de idade.

A finalidade da educación primaria é proporcionar a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, así como desenvolver as habilidades sociais, os hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lle permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, interese e creatividade na aprendizaxe.



- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e empregar de maneira apropiada a lingua castelá e, a lingua galega e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, alomenos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes doadas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e coidado do mesmo.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria a violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.

A etapa de educación primaria comprende tres ciclos de dous anos académicos cada un e



organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.

As áreas desta etapa educativa son as seguintes:

- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Educación artística.
- Ecuación física.
- Lingua castelá e literatura e, se a houbera, lingua cooficial e literatura.
- Lingua estranxeira.
- Matemáticas.

Nun dos cursos do terceiro ciclo da etapa, ás áreas incluídas no apartado anterior engadirase a de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, na que se prestará especial atención a igualdade entre homes e mulleres.

No terceiro ciclo da etapa poderá engadirse unha segunda lingua estranxeira.

As áreas que teñan carácter instrumental para a adquisición doutros coñecementos recibirán especial consideración.

No conxunto da etapa, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades da aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

Ao fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.



O alumnado accederá ao ciclo educativo ou etapa seguinte sempre que se considere que acadou as competencias básicas correspondentes e o adecuado grao de madurez.

O alumnado que non acadara algún dos obxectivos das áreas poderá pasar ao ciclo ou etapa seguinte sempre que esa circunstancia non lles impida seguir con aproveitamento o novo curso. Neste caso recibirán os apoios necesarios para recuperar ditos obxectivos.

No suposto de que un alumno ou alumna non acadara as competencias básicas, poderá permanecer un curso máis no mesmo ciclo. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez ao longo da educación primaria e cun plan específico de reforzo ou recuperación das súas competencias básicas.

Ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria o centro realizará unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas acadadas polos seus alumnos e alumnas. Esta avaliación terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.





## 10. CURRÍCULO

Enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas.

Co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, competencias básicas, contidos e criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas.

Os contidos básicos das ensinanzas mínimas requirirán o 55 % dos horarios escolares para as Comunidades Autónomas que teñan lingua cooficial.

As Administracións educativas establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas na presente Lei. Os centros docentes desenvolverán e completarán, no seu caso, o currículo das diferentes etapas e ciclos no uso da súa aonomía.



## 11. OBXECTIVOS

¿Qué pretendemos? O centro traballará na liña de conseguir unha educación integral, fomentando hábitos de traballo e de convivencia, de responsabilidade, de formación do sentido crítico, de atención á diversidade, valoración da autoestima, autonomía persoal e participación responsable nas tarefas individuais e colectivas.

Polo que a escola sera: creativa, solidaria, aberta ao medio, participativa, defensora do medio ambiente e cun ambiente de orde e traballo.

A nosa tarefa educativa vaise fundamentar nos seguintes principios:

- dereito que ten toda persoa a educación e capacitación para acadar o seu desenvolvemento integral.
- O recoñecemento da dignidade e liberdade da persoa.
- Educar para a liberdade.
- Capacitación do neno e nena para comprender a sociedade na que vive.
- Adaptación a esa sociedade tal e como está estruturada.

A educación ten unha dobre finalidade: garantir a plena realización da persoa e favorecer a súa participación no desenvolvemento socioeconómico e cultural. Para iso desenvolveremos os seguintes obxectivos:

- Manter, consolidar e enriquecer os intereses do neno e nena para abrialle novas perspectivas da vida profesional, cultural, social e política.
- Orientar ao neno e nena e promover nel a idea de que educarse é progresar.
- Perfeccionarse.
- Actualizar ao neno e nena, renovar os seus coñecementos para que siga aprendendo, investigando, reformando conceptos e enriquecendo a súa vida cultural, científica e tecnolóxica.
- Proxectarse humanamente.
- Fomentar a dimensión social da súa vida, que lles leve a traballar pola paz e a xustiza.
- Elevar o nivel cultural dos nenos e nenas matriculados no Centro, tanto mediante o ensino regrado como en actividades complementarias e extraescolares.



- Adquirir o sentido da educación como tarefa permanente, dotándoos das técnicas de autoaprendizaxe precisas para ser suxeito activo da súa propia formación.
- Fomentar a utilización creativa e formativa do ocio.

A educación debe servir simultaneamente para a maduración e autodeterminación persoal, para insertarse productivamente no mundo laboral, para o uso e creación de bens culturais e para atopar sentido a vida.

## 11.1. OBXECTIVOS DE ÁMBITO PEDAGÓXICO.

### 11.1.1. Alumnos/as.

- Acadar unha educación na que primen os valores sobre os contidos.
- Formar aos alumnos/as para ser críticos, obxectivos e creativos.
- Potenciar e favorecer os contidos transversais recollidos no currículo (hábitos de coidado e limpeza, educación para a paz, educación para a saúde, coeducación, conducta social ...).
- Favorecer o coñecemento da realidade do medio no que vive o alumno/a.
- Fomentar unha actitude ecolóxica e de respecto polo medio ambiente.
- Potenciar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de estudo.
- Planificar estratexias para acadar unha actitude positiva do alumno/a cara á lectura.
- Propiciar un tratamento de apoio individual e específico dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

### 11.1.2. Pais/nais/titores legais.

- Ofrecer información ás familias sobre a formación dos seus fillos/as.
- Favorecer o coñecemento e comunicación entre o centro e as familias entre sí.
- Motivar e favorecer a participación das familias nas actividades do centro.
- Fomentar o interese dos pais/nais pola vida escolar dos seus fillos/as.

### 11.1.3. Profesorado.

- Propiciar a innovación pedagóxica do profesorado.
- Potenciar a coordinación dos profesores dos distintos ciclos.



- Desenvolver un proxecto educativo de integración e de respecto ás particularidades de cada un dos compoñentes desta Comunidade Educativa.
- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.

#### **11.2. OBXECTIVOS DE ÁMBITO INSTITUCIONAL.**

- Propiciar e potenciar a formación permanente do profesorado.
- Manter o centro aberto ao exterior para facilitar a formación integral do alumno/a.
- Establecer relacións cos distintos centros aos que acceden os alumnos/as
- Dar a coñecer ás familias o Regulamento de Réxime Interno.
- Manter relacións de colaboración con todas as entidades culturais e recreativas e veciñais do entorno.

#### **11.3. OBXECTIVOS DE ÁMBITO ADMINISTRATIVO.**

- Colaboración do profesorado cos órganos de xestión do centro.
- Fomentar o uso do galego por parte de toda a Comunidade Educativa.
- Atender aos criterios de avaliación contemplados no P.E.C. e no P.C.C.

#### **11.4. OBXECTIVOS DE ÁMBITO HUMANO E DE SERVIZZOS.**

- Fomentar no centro unhas relacións interpersoais que axuden a crear un clima de afectividade e seguridade que será fundamental para conseguir o desenvolvemento integral dos alumnos/as.
- Establecer coas familias uns lazos de colaboración e implicación no proxecto educativo dos seus fillos/as.
- Traballar de xeito sistemático as habilidades sociais tendo en conta a relación sólida que hai entre a competencia social na infancia e o posterior funcionamento social, académico e psicológico dos alumnos/as.
- Desenvolver a intelixencia emocional dos alumnos/as co fin de conseguir un nivel adecuado de autoestima.
- Fomentar a autonomía, respecto e responsabilidade persoal.
- Fomentar hábitos de comportamento, hixiene, saúde e seguridade vial.



---

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP MONTE DOS POSTES

*Rúa das Fontiñas, 79. Santiago de Compostela. A Coruña. Tel/Fax.: 981 543 187.*

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/> E-mail: [ceip.monte.postes@edu.xunta.es](mailto:ceip.monte.postes@edu.xunta.es)

---

- Potenciar un réxime de coeducación.
- Promover o coñecemento do regulamento de réxime interno.
- Revisión periódica do regulamento de réxime interno.



## 12. LIÑA METODOLÓXICA.

A educación concíbese coma un proceso constructivo no que a actitude que manteñen profesor/a e neno/a permiten a aprendizaxe significativa.

O neno/a é o motor da súa propia aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. O profesor/a debe ser o guía e por en contacto os coñecementos e as experiencias previas dos nenos/as cos novos contidos.

A concepción constructivista do ensino permite garantir a funcionalidade da aprendizaxe, é dicir, asegura que o nen/a poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais. Para iso as aprendizaxes deben ser significativas, é dicir, próximas ás súas experiencias e referentes, potencialmente motivadoras e realmente funcionais.

A liña pedagóxica que o noso Centro ofrece, intenta dar resposta á educación integral do alumno/a. Trata de acadar a plenitude da persoa do alumno/a, coñecer e potenciar as súas características e desenvolver harmonicamente as súas posibilidades.

Tratamos de:

Orientar aos alumnos e ás alumnas no seu traballo formativo para que descubran as súas aptitudes e aprendan a autogobernarse e a desenvolver as súas capacidades.

Procurar motivar a atención dos alumnos e das alumnas.

Fomentar o traballo directo cos alumnos e coas alumnas.

Esforzarnos por facer un seguimento persoal dos alumnos e das alumnas. Insistir na necesidade do traballo e estudo de cada día, na súa organización e nas técnicas de estudo.

Tratar que nas nosas clases se dea un tipo de ensino máis práctico e experimental e fomentar o traballo en grupo cos alumnos e coas alumnas, así como a utilización das novas tecnoloxías.

Fomentar nos alumnos e nas alumnas unha actitude crítica e investigadora, así como desenvolver a capacidade de observación.

A metodoloxía a empregar tenderá a ser unha metodoloxía activa na que os alumnos e as alumnas sexan autónomos e axentes da súa propia aprendizaxe.



O centro favorecerá a máxima participación dos alumnos/as en todas as situacións de aprendizaxe.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe levarase a cabo mediante a individualización, adaptándose ás diversidades e peculiaridades de todos os nenos e nenas. En todo momento deste proceso tenderase a favorecer o traballo en grupo perseguindo o desenvolvemento de actitudes de colaboración, cooperación e respecto e buscando como finalidade a axeitada integración social dos alumnos/as.

O rol do profesor neste proceso será o de guía e mediador para facilitar a construción das aprendizaxes significativas.

A escola condicionará a súa liña metodolóxica para favorecer que os alumnos/as vivencien o seu propio centro educativo como un espazo agradable e acolledor e no que se sintan a gusto.



### 13. ACTIVIDADES E SERVIZOS.

Programaranse as actividades complementarias e extraescolares para o curso académico no primeiro mes de actividade escolar. Para iso teranse en conta as iniciativas que proveñan dos profesores/as, pais/nais e alumnos/as. Na programación deben figurar distintos tipos de actividades e teranse en conta as institucións da zona coa fin de que o centro sexa parte activa do desenvolvemento cultural do seu entorno.

Para a realización das actividades, teranse en conta os seguintes criterios:

- Procurarse informar con suficiente antelación ao profesorado implicado ou afectado polo desenvolvemento das actividades complementarias ou extraescolares.
- As actividades deberán facerse sempre baixo a dirección dun ou varios profesores.
- De todas as saídas que impliquen saída do recinto escolar darase conta aos pais/nais do alumnado implicado, que deberán asinar un documento de permiso e responsabilidade para o seu fillo/a.
- O alumnado recibirá un trato igualitario nas actividades propostas polo centro.
- As saídas en autobús dentro da cidade serán subvencionadas polos alumnos/as -1 € por alumno/a- e polo centro –resto ata completar o custo total do autobús, as demais serán financiadas polo alumnado.





#### **14. INSTITUTO DE SECUNDARIA AO QUE ESTÁ ADSCRITO O CENTRO.**

O CEIP Monte dos Postes está adscrito ao IES Antón Fraguas de Fontiñas. Todos os nenos e nenas que rematan o ensino primario serán adscritos polo centro ao Instituto de educación secundaria Antón Fraguas.



## 15. PERSOAL NON DOCENTE

O centro contará co persoal necesario para a realización das funcións de conserxería e limpeza – grupo vendex-, contratada polo concello.



## **16. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.**

Considerando que a elaboración do Proxecto Educativo de Centro é un proceso continuado de construción de acordos e en permanente revisión, é preciso dispoñer de mecanismos que permitan avaliar as distintas fases polas que transcorre a súa elaboración:

### **¿Cómo os diferentes sectores da comunidade chegaron o deseño actual do Proxecto Educativo do Centro?**

É preciso dispoñer de criterios xerais que permitan que a aportación dos membros da comunidade educativa ao proxecto educativo de centro sexa o máis xeral e ampla posible, xa que o alumnado estase modificando constantemente debido a promoción de niveis. En contraste, o carácter de maior permanencia do profesorado permite que os criterios que éstos establezan sexan máis específicos e ao mesmo tempo que sexan obxecto dunha revisión e variación continua.

### **Nivel de comunicación acadado entre os diferentes membros que participan no Proxecto Educativo de Centro.**

É de gran importancia promover as discusións no claustro, nas reunións de equipos de profesores, reunións cos pais/nais, assembleas de delegados e xunta directiva da ANPA, sobre aspectos concretos do P.E.C. relativos á problemática da súa aplicación para ser valorada e modificada.

A importancia da interacción efectiva entre os membros de cada sector, así como, entre os diferentes sectores debe quedar reflectida na eficacia dunha convivencia capaz de modificar comportamentos e actitudes.

### **¿Que grao de desenvolvemento acadou o Proxecto Educativo de Centro?: ¿Temos identidade como Centro? ¿Foi eficaz a nosa estrutura organizativa? ¿Cumpríronse os obxectivos que nos propuxemos ó elaboralo?**

Faise necesario valorar en que medida conseguimos ter entidade propia como centro educativo de Infantil e Primaria. E polo tanto, se os nosos sinais de identidade son recoñecidos non só polos membros que participan no P.E.C. senon tamén noutros ámbitos sociais.

A base para a revisión da estrutura organizativa do centro deberá consistir na identificación das tarefas e funcións que son indispensables para conseguir os obxectivos do centro.

Se os obxectivos xerais propostos foron acadados e a súa consecución supón unha maior



integración dos grupos máis desfavorecidos, respecto ao dereito á diferenza, e como consecuencia unha mellora na convivencia entre alumnos e profesores, así como, do profesorado entre si.

### **¿Cales foron os resultados que obtivemos na aplicación anual do P.E.C., e cales son as melloras que deberán facerse cara ó próximo curso?.**

Para avaliar este apartado pódense aplicar probas específicas elaboradas previamente, con certo rigor científico, que permitan analizar, recoñecer os logros e reconducir os erros cometidos por cada sector da comunidade.

### **¿Como avaliar a avaliación?**

Convén tamén dispoñer de avaliación para a avaliación, xa que esta tamén debe someterse ás modificacións pertinentes segundo a experiencia da súa aplicación así o esixa. Neste senso cabe falar de intercambios con outros centros educativos e con equipos que a Administración posúe ao respecto. Trataríase de unir esforzos para que o ensino no noso centro, e en Galicia, sexa de rendemento comunitario e de calidade.

Nunha avaliación periódica do P.E.C. teranse en conta os seguintes criterios:

#### **1. Coherencia co entorno.**

Correspondencia coas características, peculiaridades e necesidades do centro.

Se a organización reflexada no P.E.C. favorece a participación de toda a comunidade educativa no funcionamento do centro.

#### **2. Coherencia interna do P. E. C.**

Se os obxectivos expresados no P. E. C. se corresponden cos principios educativos contidos no mesmo.

Se os dereitos dos compoñentes da comunidade educativa recollidos no regulamento de réxime interno son coherentes cos principios e obxectivos educativos do P. E. C.

#### **3. Coherencia con outros documentos curriculares.**

Coherencia entre o P. E. C. e o proxecto curricular de centro (P. C. C.).



#### **4. Coherencia coa práctica cotiá do centro.**

Se a educación impartida no centro contribúe á formación física, intelectual, afectiva, moral e social do alumnado.

Se o regulamento de réxime interno establece o marco axeitado para que todos os membros da comunidade educativa exerzan as súas obrigas e dereitos.

Se a avaliación serve ao profesorado para facer unha análise axeitada do proceso ensinanza-aprendizaxe.

Se o centro ofrece o clima de convivencia democrática necesario para o desenvolvemento das actividades académicas.

Se a acción educativa e titorial proporciona ao alumnado a orientación e axuda demandada en calquera momento, eliminando sempre as desigualdades derivadas de factores socioeconómicos, culturais ou doutra índole.



O Proxecto Educativo de centro foi aprobado polo Claustro de Profesores o día 23 de outubro de 2007.

O Proxecto Educativo de centro foi aprobado polo Consello Escolar o día 30 de outubro de 2007.